EU ❤ O GALEGO

**COMUNICADO AOS MEDIOS CO ROGO DA SÚA DIFUSIÓN**

# O BNG solicita a declaración da Comarca da Limia como Zona Catastrófica

Dada a crítica situación xerada trala caída de prezos da pataca que ven arrastrando da pasada campaña a Comarca da Limia, agravada ao longo do presente inverno polas intensas chuvias e anegamentos continuados das explotacións provocando asemade a total inviabilización da pasada e futura sementeira do cereal, e isto sumado á virulencia coa que o recente temporal "Xynthia" incidiu sobre o marcado carácter agrícola da Limia, incluídas colleitas, parcelas, almacéns, explotacións agrícolas e gandeiras, peches e infraestruturas, chegando mesmo a derrubar inmóbeis e inutilizar a rede de pistas, o BNG de Xinzo da Limia a través do seu Concelleiro Portavoz Amador Díaz Penín pide a inmediata celebración dun Pleno Extraordinario URXENTE para que o Concello solicite que A Limia sexa declarada Zona Catastrófica tanto pola Xunta de Galiza como polo Goberno Central.

Así mesmo, solicitarase a creación dun censo de damnificados para cuantificar perdas e estimar axudas pertinentes, e dado o carácter urxente e de situación de emerxencia desta moción, tamén se recomendará que non sexan xeradas as dietas correspondentes a celebración deste Pleno.

Amador Díaz Penín
Portavoz do Grupo Municipal do BNG no Concello de Xinzo da Limia

Xinzo da Limia | 28-2-2010

Máis información en: **www.bng-xinzo.org**